



Nesta entrada vos presento unha proposta amorosamente divertida que require dun pouquiño de destreza nas mans pero que pode ser interesante para realizar en compañía das vosas familias.

Despois de ver o conto, podemos reflexionar sobre as persoas as que queremos, as que ocupan o noso corazón. Podemos falar cos/coas peques sobre esas persoas as que se sinten unidos dende o corazón e sobre que os fai tan especiais. Prepararemos uns cadrados de papel de cores (se temos) e escribiremos no seu interior o nome desa persoa. A continuación, vos deixo un enlace no que podeades ver un vídeo sobre como converter eses cadradiños en peixiños.

Podemos colocar un sedal ou fio a cada un dos peixes.



O seguinte paso será buscar unha caixa de cartón pola casa. Pode ser de zapatos ou de cereais, por exemplo. Podémola pintar ou forrar empregando papel azul creando o efecto de ser un mar. Abríremos un burato polo que se poderá ver o interior da caixa, lugar no que colocaremos os peixiños. Por último, vos deixo un debuxo do gatiño do conto por se o queredes colocar sobre a caixa observando aos seus amiguiños.

Espero que vos quede precioso e que disfrutedes facendo os diferentes pasos do traballo.

